

14 DECEMBRO DO 2006 - NÚMERO 647

**r d l**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



**O despertar da mulher**



Hoxe mesmo, María Xosé Queizán estrea en Vigo unha peza dramática de homenaxe á deputada republicana Clara Campoamor, un texto que resume en boa medida as súas inquedanzas: a vocación literaria e o seu compromiso co feminismo. Nacida en Vigo en 1939, autora dalgúns dos títulos fundamentais da poesía galega dos anos noventa –con obras como ‘Metáfora da metáfora’ (1991) ou ‘O espertar das amantes’ (1993)–, Queizán é, sobre todo, unha referencia en Galicia na análise e no activismo feminista, movemento ao que lle entregou non só a súa escrita, senón tamén o seu poder de organización e

# María Xosé Queizán

## A terra e a vida

desenvolvemento, con aportacións como a creación das Feministas Independentes Galegas ou publicacións como a ‘Festa da Palabra Silenciada’, primeira revista integramente realizada por mulleres. Autora de ensaios referenciais –‘A muller en Galicia’ (1977) foi un auténtico acontecemento no país–, Queizán segue defendendo hoxe os seus principios: un “feminismo racionalista e materialista, apegado á realidade física, á terra e á vida”. Neste monográfico de Revista das Letras, que hoxe lle dedicamos, Queizán debulla as súas ideas e toma perspectiva sobre unha traxectoria que o tempo non fai máis que acrecentar. O monográfico inclúe tamén un artigo de Carmen Blanco no que expón o contexto no que xurdiu o seu pensamento.







# A escrita como resistencia

María Xosé Queizán espertou xa de moi nova á inqueda que suporá o principal alicerce do seu pensamento e da súa creación: o feminismo, a teima por desentrañar as falacias do discurso patriarcal e cuestionar non só a linguaxe, senón tamén as relacións personais e sexuais, a organización social e a estrutura laboral. Por construír novos universos simbólicos xeradores de identidade para as mulleres e superar os séculos de silenciamento da súa palabra e da súa visión do mundo e da vida. “Desde que teño uso de razón comecei a decatarme de cal era a situación da muller. Desde moi noviña estiven moi interesada polo tema, pensando, lendo e escribindo, falando, comunicándome coas mulleres...”, explica.

O feminismo deixa a súa pegada, dun xeito ou doutro, en toda a obra desta autora: en ensaios imprescindibles para o pensamento galego como ‘A muller en Galicia’, ‘Recuperemos as mans’ ou ‘Evidencias’ e na súa produción narrativa e poética, pasando pola obra teatral ‘Antígona. A forza do sangue’. Os textos de Queizán deixan albiscar a evolución das súas ideas. “Fun mudando cara a un feminismo de carácter máis político, centrado na igualdade. Hoxe rexeito o feminismo da diferenza, que supón que por ter órganos sexuais distintos, temos que ter distinta mentalidade. O feminismo esencialista é nocivo. Non se nace muller, senón que nos ensinan a selo, como dixo Simone de Bouviour. É a presión social, política e cultural a que nos fai comportarnos de determinada maneira”, sinala.

“A posición dos homes en relación co feminismo tamén foi cambiando”, engade Queizán. “Ilustrados galegos coma Feixóo e Sarmiento foron grandes feministas. Logo en Galicia o romanticismo e o nacionalismo do século XIX supuxeron unha volta atrás en relación coas mulleres e a súa igualdade. Ademais, cando o movemento feminista comezou tiñamos que facer as cousas en nome propio, como un xeito de afirmarnos e saír dos prexuízos, da cuncha. Despois xa invitamos a homes a colaborar con nós”, lembra.

Os imaxinarios sociais en torno ó feminismo e a resposta ante as reivindicacións feministas experimentaron, segundo a autora, enormes transformacións nos últimos 25 anos. “Das feministas dicían daquela que eramos bruxas, perversas, feas. Había moito interés en confundir e denigrar, e mulleres con medo a dicir que eran feministas. Tamén mulleres misóxinas educadas conforme á perspectiva da sociedade

patriarcal. Pero en 25 anos démoslle a volta ás cousas. As leis non se cambiarían se non fora polas feministas, pois os homes de esquerdas eran tan machistas coma os de dereitas. Agora vaise aprobar unha lei de xénero fantástica. Confío nas leis, porque favorecen cambios nas mentalidades. O XX foi o século das mulleres, que fixemos cambiar o mundo coa primeira revolución pacífica da historia. España pasou de ser o país máis cavernícola ó máis avanzado de Europa en moitos aspectos”, opina.

María Xosé Queizán defende un feminismo racionalista e materialista, apegado á realidade física, á terra, á vida. Afastado de esencias inamovibles e verdades absolutas. Xerador, desde a disidencia e a crítica, de cambios reais na sociedade. Integrador da teoría e a praxe. Optimista e non revanchista. “O feminismo é un pensamento moi universal. Non é só defensa das mulleres, é un acto de xustiza, de política, de democracia. Non hai unha democracia real sen igualdade de xéneros. É tanto cousa de homes como de mulleres. En canto ó feminismo galego, non podemos compararnos por exemplo con Euskadi, pero despois de tantos anos de fraguismo co goberno de esquerdas están a darse cambios substanciais, xa desde o punto de vista da paridade no propio Executivo. Temos apoio das institucións. Falta que haxa máis representación feminina nos postos máis altos nas empresas”, sostén.

Feminismo e compromiso con Galicia foron sempre unidos no pensamento desta escritora, que xa en ‘A muller en Galicia’, obra publicada no 1977, establece un paralelismo entre a situación de opresión vivida pola muller a pola lingua galega. “Comparaba a infravaloración da lingua galega, considerada como lingua de segunda, coa da muller, tratada como cidadá de segunda. A idea era chamar a atención sobre a situación da muller en Galicia, pero non serviu de nada. A xente asustábase, porque repetimos o que nos ensinan sen decatarnos do que estamos a dicir. Por iso o coñecemento é fundamental, a ignorancia é o peor. A misoxinia está no folclore galego, nas películas... hoxe por exemplo xa somos capaces de ver o machismo nos anuncios”, apunta.

‘A muller en Galicia’ denunciaba a situación da muller que emigraba á cidade. “Hoxe é a muller labrega que fica no campo a que está peor, ó non ser propietaria das terras. As diferenzas entre home e muller son na actualidade maiores ó ascender na escala social”, cre Queizán.

A Igrexa segue a ser, segundo María Xosé Queizán, o principal dos axentes de transmisión da ideoloxía patriarcal. “A Igrexa continúa cos valores de submisión da muller, e coas ideas do pecado e de que a muller ten que ser nai. Seguen utilizando ás mulleres como as “amas de casa de Deus”, para limpar e coidar. Manteñen a dobre moral, para eles é máis importante un embrión, que case non é nada, que a vida e a liberdade da muller. Consideran a violación das mulleres coma un pecado, algo persoal e non público, non xulgable. Tiran para atrás os avances científicos, o progreso. Prefiren falar de sufrimento, de martirio. Todo o que nos afaste do racionalismo é nefasto”, asegura a autora. Pero á escola, ós medios de comunicación e ás familias correspóndelles tamén unha parte da responsabilidade no relativo mantemento de valores e comportamentos machistas. “Os libros de texto cambiaron, e nos institutos ves as rapazas xogar en igualdade, tomar a iniciativa... Pero aínda queda un talón de aquiles, que é o sexual. Está moi presente o imaxinario da sexualidade como acto reprodutivo. O órgano sexual do home sigue a considerarse o fundamental e vital nas relacións sexuais. Debería producirse un cambio radical, cara á igualdade na sexualidade e sensualidade, desde os valores da harmonía e a afectividade. Sobre todo cando se ve que a reprodución está cada vez menos nas mans dos homes, grazas ás novas técnicas reprodutivas”, afirma.

Queizán aprecia, non obstante, un radical cambio xeracional na non aceptación por parte das mulleres do rol de obxectos na sociedade do culto ó corpo. “O poder vai depender cada vez máis da cultura. Agora as mulleres son maioría na Universidade. Unha muller cun currículo fantástico vai ter un bo traballo, e vai importar menos o sexo, a cor... O corpo é unha construción, que se foi moldeando co tempo. Incluso as diferenzas físicas entre homes e mulleres son menores, e antes eran máis visibles simplemente porque as mulleres estaban peor alimentadas. Non se falaba da debilidade das mulleres cando se as mandaba a realizar as tarefas máis duras no campo e logo aínda tiñan que facer o traballo da casa. A idea da muller como obxecto romántico cae polo seu propio peso. Antes o home non tiña que ser guapo; porque tiña o poder, o prestixio e os cartos. Pero isto está cambiando, e acabará de caer en canto a muller vaia tendo máis poder. Algúns homes están caendo na servidume, na ditadura da beleza e da moda. Teríamos que coidarnos todos por saúde, por agrado e respecto ós demais”, opina.

Pero o feminismo afronta, segundo María Xosé Queizán, aínda unha serie de retos, ademais da loita polo cambio na concepción da sexualidade. Construír a súa propia palabra é un deles. “Este é un dos aspectos nos que

se está traballando pouco. Agora as mulleres escriben o que queren, de temas máis diversos. Pero ó ir sumando experiencias irase ampliando a historia das mulleres. Fáltanos, por exemplo, comezar a falar das mulleres soldado. Aínda non é moita a seguridade para falar en feminino, moitas mulleres siguen a falar en masculino, utilizando a forma masculina, dicindo por exemplo que son médicos. Tamén se pode tomar a palabra por medio da escrita, da literatura. As escritoras están coma noutros eidos da sociedade. No ensino, o reitor é un home. Na literatura a situación da muller mellorou moito, pero segue sen estar nas cúpulas de poder cultural”, subliña a escritora.

“En canto á desigualdade laboral, a lei que se fará pública enseguida incidirá nela. O mundo do poder é aínda moi machista e patriarcal, valóranse moito a si mesmos e ás mulleres valóranas só polo seu corpo. O feminismo é unha revolución na que as baixas están de parte das mulleres. O máis importante é o cambio das mentalidades, que se tome conciencia de que os problemas das mulleres son asunto público, dos que se debe preocupar o Goberno, pois non son asuntos das mulleres, senón de toda a sociedade”, indica. A familia e o matrimonio foron no pasado, segundo a autora, e son aínda, as principais institucións opresoras da muller. “O papel da muller queda reducido ó de servidora, parir gratis, coidar do marido e da prole. O Estado recibe desda maneira servizos gratuítos que non podería pagar doutro xeito. A muller é explotada, o matrimonio é un contrato fraudulento no que non se lle di á muller que está obrigada a prestar todos eses servizos. A muller depende do marido, non ten poder por si mesma. Agora isto comeza a cambiar, a muller comeza a ter poder por si mesma, diñeiro e autonomía, a valorarse a si mesma”, conclúe.

Queizán sitúa a orixe da ideoloxía patriarcal nos fundamentos do pensamento occidental, no dualismo de Platón, base do desprezo do traballo manual, e nas ideas de Aristóteles, a partir das cales se identifica á muller co natural, co salvaxe, co espontáneo, coa pureza, por oposición ó home, que representa a cultura, a civilización e o raciocinio. Este mesmo binomio é máis tarde repetido polo cristianismo, que asocia a muller á carne e ó pecado. A escritora reivindica, contra a razón única, inmutable e estática, a busca do coñecemento desde a pluralidade. Reclama unha sociedade baseada nas relacións entre as persoas e non na dictadura da mercaduría. Esixe o dereito ó propio corpo, á imaxinación e á intuición, á liberdade nun mundo no que a dominación patriarcal desapareza en favor do intercambio e a igualdade entre os xéneros.

# O feminismo da liberación da muller en Galicia

Carmen Blanco

A segunda grande onda feminista, a do *Feminismo da liberación da muller*, que se inicia nos anos sesenta do século XX e que se centra na busca da autonomía e na profundización na diferenza, está caracterizada polo seu trazo revolucionario antipatriarcal e anticapitalista e neste rexurdir feminista teñen un grande impacto o marxismo, os ideais libertarios e as novas teorías de liberación anticoloniais. E así deste carácter marcadamente revolucionario deriva a tendencia xeneralizada no movemento ao rexeitamento da política institucional e á procura de actuacións políticas alternativas, ao igual que a inclinación dominante á organización unisexual, antixerárquica e independente das agrupacións políticas clásicas. Nas súas reivindicacións continúa a campaña pola igualdade de dereitos civís, pero engade outras reclamacións novas relativas á liberdade sexual e á autonomía do propio corpo, como o libre acceso aos anticonceptivos e ao aborto, así como a denuncia da violencia contra as mulleres: malos tratos, acoso sexual e violación.

Nesta segunda onda feminista volve darse en Galicia o contraste que se dera na etapa anterior entre un movemento de mulleres relativamente precario e unha minoría de vangarda teórica e práctica que está á altura do feminismo máis avanzado do século XX e XXI. Así o caso particular galaico inscríbese nas liñas xerais retardatarias do Estado español, especialmente as derivadas das imposicións da ditadura franquista, cunha serie de notas específicas derivadas fundamentalmente do subdesenvolvemento socioeconómico, do pouco peso do progresismo e do arraigo do tradicionalismo nacionalista en relación ao sistema de sexo e xénero, arraigo que se combina cunha autóctona teoría e práctica igualitarista baseada na peculiar impronta dunha vella iniciativa feminina presente en certos aspectos da sociedade e da cultura galaicas. Desta maneira o feminismo desta

etapa caracterízase, agás as destacadas excepcións das súas personalidades pioneiras, por ser notablemente tardío, respecto aos centros estatais ou mundiais do movemento, e marcadamente dependente dos xogos da política xeral galaica e cunhas características coincidentes en moitos aspectos coas que presenta o rexurdir feminista en certas situacións coloniais ou de nacionalismo centrífugo, nas que a iniciativa política das mulleres se dirixe preferentemente a obxectivos non directamente feministas.

Como no contexto estatal e occidental en xeral, en Galicia pódense distinguir durante esta segunda onda feminista tres etapas evolutivas básicas artelladas en torno a un primeiro momento de conformación, que parece situarse esencialmente ao redor da data simbólica de 1975 (Ano Internacional da Muller), a un segundo momento de eclosión, que comprende os últimos anos setenta e os primeiros oitenta, e, finalmente, en torno a una terceira etapa de transformación, que se estende ata os noventa e o seu tránsito aos dous mil. Dentro deste panorama, nun primeiro momento, formáronse os grupos e núcleos de mulleres que manterían as bases do feminismo galego: A Asociación Galega da Muller, con Nanina Santos Castroviejo, e as Feministas Independentes Galegas, con María Xosé Queizán, Ana Fernández, Pascuala Campos e nós mesmas. Con posterioridade, leváronse a cabo campañas unitarias durante o período de eclosión social do movemento, especialmente as que tiveron lugar a favor do divorcio e da legalización do aborto. Estas accións reivindicativas continuaron sendo promovidas polas coordinadoras de grupos feministas que se formaron ao efecto tanto no ámbito galego como en distintas cidades. Pero a medida que avanzaban os anos oitenta estas actuacións fóronse diversificando e adquirindo un carácter máis puntual e minoritario, centradas fundamentalmente nas agresións sexuais en xeral e na violación en particular, ao tempo que se acentuaban as diferenzas entre as distintas





liñas feministas. Mais, de novo, a finais da década dos oitenta e durante os noventa e comezos do dous mil, semella proliferar un feminismo social estendido e diversificado de acordo con distintas necesidades específicas e problemas singulares, especialmente o dos malos tratos domésticos, o da prostitución e o da homosexualidade, ao tempo que o panorama feminista se recompón, adaptándose e readaptándose ás cambiantes coxunturas do microsistema político da esquerda galega, de onde parten distintas estratexias que tratan ben de sumarse ao movemento, ou ben de captalo ou dirixilo.

Da mesma maneira, a dereita política comeza a desenvolver tamén nos últimos anos unha nova política feminina, incluso de carácter neofeminista, para recoller os votos das mulleres e contrarrestar a tendencia á apropiación de certo feminismo por parte da esquerda.

Como consecuencia, avanzada esta última etapa, asistimos á reconcentración en labores específicos e teóricos de boa parte do feminismo independente e do de clase, fronte á proliferación do feminismo reformista e institucional, un contexto no que sobresaen feitos puntuais como a reactivación das accións unitarias do movemento en torno á coordinadora galaica creada a raíz da mobilización da Marcha Mundial das Mulleres 2000, que creou o

seu propio himno, “Marchando máis alá”, e mantívose anos despois da data do seu nacemento.

Organizativamente destacan o Movemento Democrático de Mulleres, implantado desde 1968; a Asociación Galega da Muller, fundada en 1976; as Feminista Independentes Galegas, creadas en 1978; o Colectivo de “Mulleres Livres”, que funciona desde mediados dos anos oitenta; as Mulleres Nacionalista Galegas, que existen desde 1988; e a Federación Galega de Mulleres Progresista, constituída en 1993; así como o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller ‘Alecrín’, aberto en 1986.

Entre as obras teóricas pioneiras aparecen o primeiro ensaio feminista, *A muller en Galicia* (1977) de María Xosé Queizán; *Cartas a Rosalía* (1981), de Teresa Barro, e o noso *O contradiscurso das mulleres* (1995), unha teoría xeral sobre o feminismo con estudo especial do caso galego. En estreita sintonía con este activismo feminista e potenciado por el, desde os anos oitenta, creouse un importante movemento cultural que se deixou ver especialmente no xornalismo, na creación literaria e artística e nos estudos humanísticos, nos que proliferan numerosas personalidades cunha obra de signo liberador e feminista.



## Escribo...

Escribo para enxendrame  
-coma se fose outra-  
no ovario do pensamento.  
Para dar-me a luz  
-e dar-me luz-  
deslumbrada polas propias palabras.  
Axúdoas a parir-se do meu corpo  
itan miñas!  
e tan outras.  
Enfeitizada  
míroas como á filla recién nacida  
tan de min  
e tan descoñecida.  
Fago as palabras co meu sangue e me  
asombran.  
Falta que choren para que as  
amamante.

## Roubar o tempo

En que lugar do non ser vivimos as mulleres?  
Fóra do tempo  
historia sen historia  
¡Garda o lume!  
Silencio.

Fumos enchendo os ocos reservados  
de calados pensamentos  
vivencias escavadas e profundas  
sensacións imposibles  
veladas por teas de araña  
tecidas nas ágoras públicas.

Ceibalas é asombrar á  
natureza desparramada en paxaros...  
Epifanía.  
Os tempos son chegados de roubarlle o tem-  
po aos deuses.